




Ecolectivo


ASOCIACIÓN
Raizame
Vivo






Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

COMO APLICAR A PERSPECTIVA ECOSOCIAL Á PRÁCTICA PROFESIONAL DO TRABALLO SOCIAL




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO



16 horas



O 25, 26 e 27 de setembro de 2026

Sesións presenciais:

- 25 de setembro 16:30 – 20:30
- 26 de setembro 10:30 – 14:30 e 16:30 – 20:30
- 27 de setembro 10:30 – 14:30



Formación presencial no Ecolectivo de Vigo
(Camiño do Monte da Serra, 38, 36214 Vigo,
Pontevedra)

RESUMO DO CURSO

A emerxencia climática, a crise dos coidados e o aumento das desigualdades sociais están a transformar profundamente os contextos nos que se desenvolve o Traballo Social. Estes cambios xeran novas tensións éticas, metodolóxicas e institucionais que impactan directamente na práctica profesional, nos marcos de intervención e no benestar das propias profesionais.


Esta formación propón un achegamento **práctico, rigoroso e aplicable** á perspectiva ecosocial desde o Traballo Social, integrando enfoques ecofeministas, comunitarios e críticos, e tomando como referencia marcos metodolóxicos de deseño, intervención e avaliación xa existentes na profesión.

O curso está deseñado para facilitar ferramentas que permitan **incorporar a perspectiva ecosocial na práctica profesional real**, sen idealizacións nin receitas pechadas, atendendo aos límites institucionais, ás condicións materiais e ás relacións de poder presentes nos diferentes ámbitos de intervención.

OBXECTIVOS




- **Integrar** a perspectiva ecosocial no exercicio profesional do Traballo Social desde un enfoque ético, metodolóxico e operativo.
- **Fortalecer** a identidade profesional ecosocial das traballadoras sociais.
- **Dotar** de ferramentas prácticas para o deseño, implementación e avaliación de intervencións con enfoque ecosocial.
- **Facilitar** a transferencia directa dos aprendizaxes aos distintos ámbitos profesionais.
- **Incorporar** a dimensión ambiental, dos coidados e da sustentabilidade da vida no diagnóstico e na intervención social.





CONTIDOS FORMATIVOS



1. Marco teórico: perspectiva ecosocial no Traballo Social

- Emerxencia climática, crise dos coidados e desigualdades sociais.
- Traballo Social ecosocial: fundamentos éticos e políticos.
- Aportacións do ecofeminismo, a perspectiva comunitaria e a mirada decolonial.
- Identidade profesional do Traballo Social ante os límites do crecemento e da institución.

2. Ferramentas prácticas para a práctica profesional

- Aplicación da perspectiva ecosocial ás fases do traballo profesional:
- Investigación e análise ecosocial do contexto.
- Diagnóstico social incorporando a dimensión ambiental e dos coidados.
- Definición de problemas complexos.
- Formulación de obxectivos transformadores e realistas.
- Planificación e estratexia metodolóxica.
- Avaliación ecosocial dos procesos e impactos.

3. Práctica profesional por ámbitos de intervención

- Traballo aplicado e deseño de propostas prácticas nos seguintes ámbitos (adaptables ao perfil do grupo):
- Servizos sociais comunitarios.
- Intervención con familias e infancia.
- Saúde comunitaria.
- Xuventude.
- Terceiro sector e proxectos sociais.
- Intervención comunitaria e participación social.
- Administración pública e políticas sociais.

Cada persoa participante elaborará unha proposta de intervención ou adaptación da súa práctica profesional desde a perspectiva ecosocial.

PERSOAS DESTINATARIAS

Traballadoras e traballadores sociais en exercicio profesional en calquera ámbito (servizos sociais, saúde, educación, xustiza, terceiro sector, administración pública, intervención comunitaria, etc.), estudantes, traballadoras socias en transición ou en reivención.

Máximo 20 pessoas.




CALENDARIO

A formación desenvolverase **do 25 ao 27 de setembro de 2026**, en modalidade presencial no espazo do Ecolectivo en Vigo.

Sesións presenciais:

- 25 de setembro 16:30 – 20:30
- 26 de setembro 10:30 – 14:30 e 16:30 – 20:30
- 27 de setembro 10:30 – 14:30



METODOLOXÍA




A formación combina exposición teórica aplicada, análise de casos reais, traballo refl exivo individual, dinámicas grupais e exercicios prácticos orientados á transferencia profesional.

Emprégase unha metodoloxía socioafectiva adaptada a contextos institucionais, que integra:

- Aprendizaxe experiencial.
- Traballo con casos reais.
- Espazos de refl exión crítica e análise colectiva.
- Ferramentas de facilitación de grupos e coidado dos procesos.

Ao longo da formación, cada persoa participante traballará sobre o seu propio ámbito profesional, elaborando unha proposta práctica de aplicación da perspectiva ecosocial, adaptada ao seu contexto laboral.

AVALIACIÓN



A avaliación será continua e formativa, baseada en:

- Participación activa nas sesións.
- Elaboración dunha proposta práctica aplicada ao ámbito profesional.
- Avaliación colectiva do proceso formativo e dos aprendizaxes adquiridos.



M


MARTA

Traballadora social con enfoque ecosocial e ecofeminista.

Formada en facilitación de grupos, educación non formal e deseño de procesos formativos. Conta con ampla experiencia en proxectos sociais, educativos e comunitarios a nivel local e internacional, así como en programas europeos vinculados á sustentabilidade, xustiza social e ODS. Co-fundadora da asociación RaizameVivo, unha entidade que traballa en rede para a rexeneración ecosocial.

PERNAS





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

